

TÍTULO : DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**XUSTIFICACIÓN**

O punto de partida para a posta en marcha deste GT é o interese por artellar un proxecto útil e funcional arredor da biblioteca escolar.

Os membros participantes forman o cadro que este curso se encarga das labores de garda, préstamo, arquivo e mesmo a dinamización. Algúns deses membros teñen experiencia na posta en marcha de bibliotecas escolares noutros centros, pero requírese formación específica coa finalidade de artellar as diversas propostas que proveñen tanto dos Departamentos didácticos como do propio equipo da Biblioteca.

No curso 2013/14 fíxose unha reestruturación de fondos e un acondicionamento dos espazos, traballo que estaríamos en disposición de aproveitar este curso e por iso, a posta en marcha deste proxecto. Os Xefes de cada Departamento xunto cos outros profesores das materias correspondentes foron os encargados de, durante o primeiro trimestre, levar a cabo unha selección de documentos susceptibles de expurgo (publicacións antigas, materiais repetidos, documentos de escaso interese ou pouco actualizados, deteriorados, etc.) Dicur que tamén os alumnos presentaron ideas e mesmo botaron unha man nesta tarefa.

A ordenación de libros, o rexeitamento de material obsoleto, a clasificación, a nova ubicación do material de lectura e mesmo o transporte de todos aqueles libros, anuarios e revistas obsoletos, foi unha tarefa inxente. Cumpriuse nun prazo relativamente breve de tempo tendo en conta que practicamente todo o material estaba fóra dos seus andeis.

Cómpre, pois, este curso dinamizar, facer aproveitamento da tarefa levada adiante o curso pasado, e cubrir necesidades e proxectos dos departamentos e mesmo interdepartamentais.

OBXECTIVOS

- Estabrecer protocolos e principios de organización para fomentar a práctica activa por parte do profesorado na dinamización da Biblioteca, e do seu uso.
- Tomar como punto de referencia os exemplos de outros centros na práctica diaria. Potenciar o traballo en equipo para que serva de instrumento e fío condutor entre toda a comunidade escolar
- Diseñar tarefas e actividades didácticas, lectoras e mesmo lúdicas para o uso da Biblioteca así como para incorporar as TIC
- Diseñar estratexias para a incorporación das TIC na dinamización da Biblioteca.
- Avaliar a práctica docente en referencia ao desenvolvemento das competencias e uso do espazo da Biblioteca.
- Crear procedementos para a avaliación dos resultados por parte do alumnado.

PROGRAMACIÓN DE CONTIDOS E ACTIVIDADES

CONTIDOS E ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Docencia • Definición de protocolos e principios organizativos • Elaboración de proxectos • Incorporación das TIC • Avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> • 10 horas • 10 horas • 10 horas • 10 horas • 10 horas

METODOLOXÍA

O foco principal está posto nas persoas relatoras, xa que a experiencia dos membros do grupo resulta a veces ineficaz por estar dispersa. Trátase de traballar en grupo para unificar criterios e funcionar como equipo.

Comezaríase polas sesións de docencia para poder focalizar intereses. Os temas estarán vencellados aos obxectivos e a periodicidade das reunións virá dada, non só pola temporalización plantexada, senón polas dificultades ou necesidades non previstas e mesmo as que a propia vida académica determina (avaliacións, festividades...)

En calquera caso haberá reunións periódicas de todo o grupo de traballo para avaliar a marcha do proceso, planificación de eventos e propostas de mellora.

ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

HUMANOS	MATERIAIS
<ul style="list-style-type: none"> • Relatores • Membros do grupo de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Biblioteca Escolar e o seu equipamento: libros, equipos informáticos e audiovisuais.

ESTABLECEMENTO DE CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN

ASPECTO	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PROCESOS PARA A AVALIACIÓN
Análise e valoración da docencia recibida	Calidade e claridade na exposición	Enquisa dirixida aos membros do GT
Aplicación e repercusión do proxecto na práctica educativa.	Grao de aplicación na biblioteca e por departamentos.	Enquisa dirixida a alumnos e profesores.

Metodoloxía empregada e organización de recursos	Idoneidade da metodoloxía empregada e detección de problemas	Análise realizada nas reunións de grupo.
Reflexións realizadas, logros e incidencia no proxecto do centro	Reflexión do grupo en relación cos obxectivos acadados. Solucións aportadas Detección de necesidades e propostas de mellora.	Memoria final Enquisas dirixidas aos distintos membros da comunidade educativa que participaron no proxecto.

TEMPORALIZACIÓN

TRIMESTRE	ACTIVIDADE	CONTIDOS	DATA	HORA	DURACIÓN
1º	Docencia	Relatorio de experiencias diversas na práctica das Bibliotecas Escolares	A expensas dos docentes relatores	A expensas dos docentes relatores	10 horas
2º	Reunión	Elaboración de protocolos para o fomento da lectura e o emprego da biblioteca mediante as actividades organizadas polos departamentos	12, 19, 26, 28/01/2015 2, 9, 16, 23/02/2015 1, 8, 15, 22, 29/03/2015	18:00/20:00	30 horas
3º	Reunión	O fomento dos clubs de lectura Avaliación e realización da memoria. Conclusións	12, 19, 26/04/2015 3, 10 /05/2015	18:00/20:00	5 horas 5 horas

--

NECESIDADES ORZAMENTARIAS

Considérase que os orzamentos deberían estar destinados integramente a relatorios, preferiblemente de xente que teña experiencia na temática que nos ocupa.

Para este GT non foi recibida ningunha outra axuda económica ademais daquela que se ten solicitada e está prevista nesta convocatoria.